


EXERCICIOS (REDES SOCIAIS EDUCATIVAS)

EXERCICIO 8 – REDEIRAS

Visión xeral

Videotutorial na web: <http://www.youtube.com/watch?v=-fEqc0Mwpro>



Partes da aplicación:

- **Barra de configuración persoal**
 - o **Configuración do perfil** : Foto ou avatar, información sobre cada un, localización, intereses, datos de contacto, ... e privacidade de visualización do perfil.
Como ven o resto de usuarios a nosa información.
 - o **Configuración dos amigos** : ver os amigos, as solicitudes de amizade, procurar amigos, ...
 - o **Configuración da mensaxería** (xestión das mensaxes privadas) : sistema de mensaxería privada da aplicación entre usuarios da devandita. Só amigos.
 - o **Panel de control**  **Panel de control**: visualización dunha especie de escritorio ou páxina persoal coa actualidade de Redeiras en base aos contidos que che interesan.
 - o **Configuración**  **Configuración**: contrasinal, notificacións (como se notifica a actividade dos demais usuarios da rede con respecto ás nosas publicacións), estatísticas, ...
 - o **Peche de sesión**  **Saír**: moi importante premer neste botón cando deixemos de andar na nosa conta ou deixemos o ordenador acendido e accesible a outras persoas. Se non o facemos poden ver información persoal e publicar contidos sen que nós o autoricemos ou esteamos de acordo.
- **Barra de xestión:**



CEFORE VIGO

- o **Grupos:** un grupo é un artilluxio de Redeiras que permite reunir a certos usuarios para cun certo interese común, un proxecto ou actividade determinada. Por exemplo pode haber un grupo de olimpíadas matemáticas, excursión fin de curso, tecnoloxía 3º ESO, exames inglés, un centro educativo, estiramientos en ximnasia, ... Un grupo é como un subconxunto de Redeiras e permite restrinxir as utilidades de Redeiras para un ámbito determinado. Os grupos poden ser abertos ou pechados en función da opción de incorporarse a eles. Se é aberto calquera se pode unir, pero se é pechado hai que facer unha solicitude, que deberá aceptar o creador do grupo.
- o **Blogs:** é unha sección onde cada usuario pode publicar certas novas, e os demais usuarios comentalas a modo de bitácora. Cada usuario ten un blogue propio.
- o **O muro:** taboleiro público en onde calquera usuario pode publicar información que considere de interese, e que poida ser de proveito para a comunidade de usuarios de Redeiras. Axuda a fomentar interactividade co resto de usuarios, propón temas de debate, ...
- o **Actividade:** poderemos ver cales son as últimas novidades de traballo dos diferentes usuarios nas distintas ferramentas de Redeiras
- o **Marcadores:** Recóllense ligazóns ou recursos web cunha descrición asociada.
- o **Usuarios:** preséntanse os usuarios existentes na plataforma, coa posibilidade de filtralos por nome, ou etiquetas, ademais de solicitar amizades para os devanditos usuarios.
- o **Consulta:** danos a posibilidade de realizar preguntas.
- o **Máis:**
 - **Enquisas:** permite ver e crear enquisas de valoración interese para a comunidade, privados ou só para os amigos
 - **Ficheiros:** permite ver e subir ficheiros de interese para a comunidade, privados ou só para os amigos
 - **Vídeos:** permite ver e subir vídeos interese para a comunidade, privados ou só para os amigos
 - **Páxinas:** permite crear anotacións de interese para a comunidade, privados ou só para os amigos. Existe a posibilidade de editar estas anotacións entre diferentes usuarios.

En case todos os recursos de Redeiras poderás filtralos en función de quen os publicou (Todo, só os teus ou só o dos teus amigos)



Imos traballar


1. Accede a <http://www.edu.xunta.es/redeiras>, e insíre o teu nome de usuario e contrasinal (son os mesmos que os do edu.xunta.es/correo). Só se permite o acceso a profesores de educación con destino.
Con isto xa estás dentro de Redeiras. Se nunca entraches, váiseche presentar unha rede social na que tes pendente de configurar o perfil, engadir información persoal, sen amigos vinculados e con moito por descubrir.
2. Imos configurar o noso perfil. Para iso accede, dentro da barra de configuración ao botón perfil e leva a cabo as seguintes acción:
 - a. Pon como avatar/imaxe a que ten por nome *avatar_profesor.jpg*. Se dispós de outra podes subila. (**Editar avatar**)

CEFORE VIGO

- b. Establece unha descrición sobre ti (onde traballas), unha descrición breve, habilidades, localización, email, teléfono, ... (**Editar perfil**)
- c. Fai que o teléfono, mail e maila localización só o poidan ver os amigos. (**Editar perfil**)

Lembra que o perfil é moi importante e a información que introduzas debe ser do teu gusto e reflectir como te queres dar a ver en Redeiras; é a forma en que os potenciais amigos te van a ver dentro de Redeiras.

3. Imos engadir/procurar amigos. Na barra de xestión fai clic en **amigos** e trata de atopar a algún compañeiro que estea contigo neste curso e preme en “**Engadir como amigo**”. Tamén podes atopar amigos empregando a caixa de procura da parte superior dereita, e escribindo nome, apelidos, ou ben algunha habilidade ou intereses que establecese o potencial amigo no seu perfil.



4. Comproba as túas solicitudes de amizade tanto enviadas como recibidas dende a barra de configuración mediante o botón de **Amigos**. Aí terás a opción de ver os teus amigos, borrarlos, ... acceder ao seu perfil facendo clic enriba do seu nome, ... Tamén poderás, mediante a ligazón da parte dereita ver as **Solicitudes de amizade**.



5. O seguinte que imos facer é publicar algo no **muro**. Facemos clic en Muro, dentro da barra de xestión. O muro é un tablón comunitario en onde se xeran conversacións e calquera pode publicar calquera tipo de información. O resto de usuarios poden responder calquera mensaxe, aínda non sendo amigos.
 - a. Publicade algo no muro e logo tratade de comentar a publicación dos vosos compañeiros.
 - b. Aquí soe colocarse información de ligazóns de interese no entorno educativo, convocatorias, impresións, novas de interese, vivencias, ... que consideredes de carácter público (dentro da comunidade educativa).
6. Xa temos a práctica suficiente como para crear un **Grupo**. Poderedes acceder a Grupos na barra de xestión para ver exemplos de grupos creados, e solicitar a unión a algún que vos interese. **Só unha persoa debe crear o grupo. Senón teríamos tantos grupos como asistentes á aula.**
 - a. Imos crear un grupo para esta actividade. Facemos clic en Grupos e logo en Crear novo grupo.
 - b. Como logotipo empregaremos a imaxe *tics.jpg*
 - c. Como nome *Formación Básica nas TICs*
 - d. Establece unha descrición e descrición breve interesante
 - e. Debe ser pechado

CEFORE VIGO

- f. Debe poder ser visto por calquera usuario rexistrado
- g. Debemos activar todos os módulos dispoñibles (enquisas, vídeos, actividades, debates, blog, ...)
- h. Imos tratar de unirnos ao grupo. Cada un dos demais asistentes debes procurar o grupo e Solicitar formar parte del. O creador do grupo decidirá se aceptarvos ou non.
- i. Tamén existe a posibilidade de que ao crear o grupo poidamos invitar a amigos que teñamos vinculados.



- j. Só nos resta ir engadindo información no grupo. Cada un de nós debe engadir un marcador, unha entrada no blogue, algún arquivo (imaxe descargada da rede), algunha enquisa, ...

- 7. Do mesmo xeito trata de publicar algunha **Marca** (barra de xestión). Un marca é unha ligazón a un recurso/dirección web cunha descrición do contido.
- 8. En **Actividade** (dentro da barra de xestión), poderemos ver cales son as últimas novidades de traballo dos diferentes usuarios nas distintas ferramentas de Redeiras.
- 9. Proba a enviar unha mensaxe dende o botón de mensaxes dende a barra de configuración.

É como un cliente de correo pero só para os amigos da Rede. Verás as mensaxes enviadas e recibidas. Para escribir unha nova mensaxe preme en **Redactar mensaxe**. Tan só queda por elixir a quen/quenes llos queres enviar.





EXERCICIO 9-IMPRESS

Tutoriais de impress

- <http://www.youtube.com/watch?v=oROiNcheGjE>
- http://www.youtube.com/watch?v=FlgPW_u8y8M
- http://www.youtube.com/watch?v=joCih_M4sVU
- <http://www.youtube.com/watch?v=LGLb1YSIBhM>

Recursos na web

- www.presentaciones.net
- www.powerpointspowerpoints.com
- www.diapositivas.com
- www.ppsmil.com
- www.milespowerpoints.com
- www.voyaprenderingles.com